



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (curso 2014/15)
(Orde do 28 de maio de 2014; DOG, 30/05/2014).

1. DESTINATARIOS

Todo o alumnado matriculado en educación primaria.

2. REQUISITOS

- a) Ser nai/pai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria durante o curso 2014/15 e non repetir curso neste ano académico. Si poderán solicitar o alumnado repetidor de 1º ciclo dado que se trata de material non reutilizable.
- b) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- c) Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros.

3. SOLICITUDES

3.1. As persoas que desexen optar á axuda deberán presentar a solicitude preferentemente no centro docente no que estea matriculado o alumnado, segundo o **anexo I** da Orde do 28 de maio de 2014, debendo presentar unha solicitude por alumno/a matriculado/a. A Semade poderase entregar en calquera dos lugares e rexistros establecidos no art. 38.4 da Lei 30/92.

3.2. As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores ou os representantes legais do alumnado.

Ainda que o alumno/a teña previsto cambio de centro deberá solicitar a axuda no centro de orixe.

3.3. **O prazo de presentación de solicitudes** será dun mes, desde o 2 de xuño ao 2 de xullo de 2014.

3.5. Unha vez que a solicitude estea debidamente tramitada, o centro xerará un vale, **anexo II**, asinado pola dirección do centro, á persoa solicitante. So se entregará un vale por cada alumno/a e nunca antes da formalización da matrícula.

3.6. Ainda que o alumnado teña previsto cambiar de centro si non ten formalizada nova matrícula deberá facer a solicitude no centro de orixe.

4. DOCUMENTACIÓN

4.1. As solicitudes poderán obterse na Guía de procedementos e servizos, <https://sede.xunta.es>, na xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e tamén se poderán descargar en formato PDF no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>, ligazón de gratuidade solidaria de libros de texto

Unha vez cuberta a solicitude deberán presentarse, xunto coa documentación segundo se indica no artigo 3 desta orde, debidamente asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado. Todo isto sen prexuízo da sinatura por parte do resto dos membros da unidade familiar que obteñan ingresos, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.

4.2. Xunto coa solicitude, presentarase orixinal e fotocopia da seguinte documentación

a) Libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar.

No suposto de non ter libro de familia ou a se a situación familiar non coincide, no día 31 de decembro de 2012, coa reflectida no libro, terá que presentarse documentación que acredite os membros da unidades familiar: sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador, certificado ou volante de convivencia, informe dos servizos sociais ou órgano equivalente que acredite situación familiar.

b) No caso de discapacidade do alumnado, do solicitante ou dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acreditarse documentalente, a 31 de decembro de 2012.

c) No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.

4.3. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

4.4. O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

5. CONTÍA DAS AXUDAS

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nesta orde, nos seguintes importes por alumno ou alumna e curso, segundo a renda per cápita familiar no ano 2012.

5.1. Familias monoparentais

- a) Renda per cápita familiar ata 6.000 euros: 170 euros.
- b) Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000 euros: 90 euros

5.2. Resto das familias

- a) Renda per cápita familiar ata 5.400 euros: 170 euros
- b) Renda per cápita familiar desde 5.400, 01 ata 9.000 euros: 90 euros

5.3. Alumnado de educación especial

O alumnado de educación especial que solicite a bolsa e que cumpra os requisitos establecidos, recibirán un importe de 250 euros, con independencia da renda per cápita familiar.

Os menores que se encontren en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia recibirán a axuda máxima correspondente ao ensino e curso en que estean matriculados, e non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin do nivel de renda.

6. RENDA PER CÁPITA

6.1. Enténdese por renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.

6.2. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

6.3. Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2012 e o exercicio fiscal 2012.

7. ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

7.1. Respecto do solicitante

A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o citado anexo I e indicar o seu NIF/NIE.

Asemade para a acreditación dos datos de carácter persoal que figuren no documento de identidade as persoas solicitantes prestan o seu consentimento expreso para a comprobación por medio de acceso telemático.

No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor co causante, deberá acreditarse documentalmentemente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar

7.2. Determinación da Unidade Familiar.

1. Para os efectos previstos nesta orde, e con referencia á situación familiar en 31 de decembro de 2012, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- ✓ Os pais non separados legalmente e, se for o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.

- ✓ Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos emancipados.
- ✓ Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- ✓ Os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendente que convivan con eles, e que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.

3. No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivan co causante, acreditarase a circunstancia mediante un certificado de defunción.

4. Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor

5. No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

6. En casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido no punto 1 deste artigo, deberá achegarse xustificante de empadramento en que figure o/a alumno/a polo que se solicita a axuda e todos os familiares que convivan con el, ou certificado dos servizos sociais do municipio que o acredite.

7. Nos supostos en que o causante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos puntos anteriores.

8. Para os menores que se encontren en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia, a solicitude deberá ser formulada polo director ou directora do centro de menores correspondente.

7.3. Adquisición de libros de texto.

1. Unha vez que a persoa solicitante estea en **posesión do vale**, poderá adquirir **UNICAMENTE OS LIBROS DE TEXTO** no correspondente establecemento, á súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento.

Se o **importe dos libros de texto** adquirido é inferior ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para o efecto a contía exacta da venda; se o importe fora superior ao valor do vale, a diferenza será aboada polo solicitante. A consellería non asume máis que o importe consignado no vale.

2. O solicitante nunca deberá asinar e entregar o vale antes da recepción do material. A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade cos libros e material escolar entregados, así como, se fora o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto

7.4. Obrigas dos Beneficiados (Art. 14)

A concesión da axuda comporta as **seguintes obrigas**:

a) Seguir as directrices que marca a orde da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición dos libros de texto propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo a relación que, para tal efecto, teña publicado o centro onde estea matriculado o alumnado.

b) Cooperar coa Administración educativa en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.

c) As establecidas para os beneficiarios no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Conservar en bo estado os libros de texto adquiridos con cargo ao importe das axudas, así como incorporalos, ao rematar o curso escolar 2014/15 (xuño), a un fondo solidario que se constituirá no centro (**banco de libros**), que permita a súa reutilización nos seguintes cursos académicos como medida que favoreza o establecemento dun sistema de socialización do seu uso.

Exclúese desta obriga o alumnado beneficiario de 1º e 2º de primaria, así como o de educación especial e aquel cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, nos casos en que o material adquirido con cargo a axuda non poida ser reutilizado.

8. CONSIDERACIÓNS FINAIS

- a) O contido da convocatoria (Orde do 28 de maio de 2014) pode verse no Diario Oficial de Galicia do día 30 de maio, no taboleiro de anuncios e páxina web deste Centro e, xunto con información complementaria, no portal educativo xa citado: <http://www.edu.xunta.es>
- b) Solicítase que se entregue a solicitude o antes posible para axilizar os trámites.
- c) Os vales deberán ser entregados nas librerías o antes posible.

A Coruña, 2 de xuño de 2014
A DIRECCIÓN